



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS OU CARRUAXES A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E AS RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE**

### **Artigo 1.- Fundamento e natureza**

Ó amparo do previsto nos artigos 58 e 29 da Lei 39/88 de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co que dispoñen os artigos 15 a 19 de dito texto legal, este concello establece a taxa por entrada de vehículos ó interior de edificios, fincas ou locais e as reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, prohibición de estacionamento, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, que se rexirá pola presente ordenanza fiscal.

### **Artigo 2.- Feito imponible**

Constitúe o feito imponible desta taxa o aproveitamento especial da vía pública e terreos de dominio público que ten lugar coa entrada de vehículos ó interior de edificios, fincas ou locais a través do dominio público local, e a reserva de vía pública para aparcamento exclusivo, prohibición de estacionamento, parada de vehículos e carga e descarga de mercadorías de calquera clase, especificado nas tarifas contidas no artigo 6 desta ordenanza.

### **Artigo 3.- Suxeitos pasivos**

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria quenes disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local.

Nas taxas por entrada de vehículos ó interior de edificios, fincas ou locais, así como na reserva de vía pública mediante a prohibición de estacionamento, para permitir a mencionada entrada, serán suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, obrigados o pagamento das taxas, os propietarios das prazas de aparcamento ou dos edificios, fincas ou locais a que dan acceso as entradas de vehículos, quenes poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

### **Artigo 4.- Responsables**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan os causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias de ditas entidades.

3. Os administradores de persoas xurídicas que non realizaren os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias daquelas, responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

a) Cando se comete unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.

b) Cando se comete unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

c) En supostos de cese das actividades da sociedade, do importe das obrigas tributarias pendentes na data de cese.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso, nos termos e con arranxo ó procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

## **Artigo 5.- Beneficios fiscais**

1. O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non estarán obrigadas ó pago da taxa cando soliciten licenzia para disfrutar dos aproveitamentos especiais referidos no artigo 1 desta Ordenanza, sempre que sexan necesarios para os servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e para outros usos que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional.

2. Non se aplicarán bonificacións para a determinación da débeda.

## **Artigo 6. Cota tributaria.**

1.- A contía da taxa determinarase con arranxo ó seguinte cadro de tarifas:

### **Tarifa primeira**

Entrada de vehículos en locais, con reserva de vía pública mediante a prohibición de estacionamento, de cara á entrada de vehículos ó interior dos mesmos, ó ano:

- En vivendas unifamiliares..... 47,73 €
- En garaxes colectivos ata 10 prazas..... 159,07 €
- En garaxes colectivos de máis de 10 prazas..... 15,90 €/praza.

### **Tarifa segunda**

Reserva de espazos ou prohibición de estacionamento na vía pública:

- Por cada metro lineal ou fracción, ó ano..... 19,41 €
- Por cada parada de autoturismo na vía pública por praza, unha cota anual de..... 39,76 €

Cando para a autorización da utilización privativa se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa determinarase polo valor da proposición sobre a que recaía a concesión, autorización ou adxudicación.

### **Tarifa terceira**

Por venda de placa de reserva de aparcamento..... 29,02 €



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

## **Artigo 7.- Devengo**

1. A taxa devengarase: cando se inicie o uso privativo ou o aproveitamento especial, momento que, a estes efectos, enténdese que coincide co da concesión da licencia, se a mesma foi solicitada.
2. Sen perxuízo do previsto no punto anterior, será necesario depositar o importe da taxa cando se presente a solicitude de autorización para disfrutar do aproveitamento nesta ordenanza.
3. Cando xa se levou a cabo o aproveitamento especial sen solicitar licencia, o devengo da taxa ten lugar no momento do inicio de dito aproveitamento.

## **Artigo 8.- Período impositivo**

1. Cando o aproveitamento especial teña que durar menos dun ano, o período impositivo coincidirá con aquel determinado na licencia municipal.
2. Cando o aproveitamento especial se autorizou ou se prorrogou para varios exercicios, o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese na utilización privativa ou aproveitamento especial, en que se aplicará o previsto nos apartados seguintes.
3. Cando se inicie o disfrute do aproveitamento especial no primeiro semestre, abonarase en concepto da taxa correspondente a ese exercicio a cota íntegra. Se o inicio do disfrute do aproveitamento especial ten lugar no segundo semestre do exercicio liquidarase a metade da cota anual.
4. Se se cesa no disfrute do aproveitamento especial durante o primeiro semestre do exercicio procederá a devolución parcial da cota (a metade). Se o cese ten lugar no segundo semestre, non procederá devolver cantidade algunha.
5. Cando non se autorizara o aproveitamento especial solicitado, ou por causas non imputables ó interesado non o disfrutara, procederá a devolución do importe satisfeito.

## **Artigo 9.- Réxime de declaración e ingreso**

1. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación.
2. Cando se solicite licencia para proceder ó aproveitamento especial, achegarase plano detallado do aproveitamento, declarándose as características do mesmo e presentarse debidamente cumplimentado o impreso de autoliquidación da taxa.

Alternativamente, poden presentarse no Servicio Municipal de ... os elementos da declaración, ó obxecto de que o funcionario municipal competente preste a asistencia necesaria para determina-la débeda. Neste suposto, expedirase un abonará ó interesado, co obxecto de que poida satisfacer a cota naquel momento, ou no prazo de dez días, nos lugares de pago indicados no propio abonaré.

3. Tratándose de concesións que se estenden a varios exercicios, o pago da taxa efectuarase no primeiro trimestre de cada ano. Co fin de facilita-lo pago, o Concello remitirá o domicilio do suxeito pasivo un documento apto para permitir o pago en entidade bancario colaboradora.



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Non obstante, a non recepción do documento de pago citado non invalida a obrigaón desatisfacer a taxa no período determinado polo Concello no seu calendario fiscal.

4. O suxeito pasivo poderá solicita-la domiciliación do pago da taxa, ordenándose neste caso o cargo en conta bancaria durante a última decena do período de pago voluntario.

## **Artigo 10.- Notificación das taxas**

1. Nos supostos de aproveitamentos especiais continuados a taxa que ten carácter periódico, notificarase persoalmente ó solicitante a alta no rexistro de contribuíntes.

A taxa de exercicios sucesivos notificarase colectivamente mediante a exposición pública do padrón no taboleiro de anuncios do Concello, polo período que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.

2. Ó amparo do previsto na Disposición Transitoria segunda da Lei 25/1948, as taxas de carácter periódico reguladas nesta Ordenanza que son consecuencia da transformación dos anteriores prezos públicos non se suxeitarán ó requisito de notificación individual, sempre que o suxeito pasivo da taxa coincida co obrigado ó pago do prezo público ó que substitúe.

## **Artigo 11.- Infraccións e sancións**

As infraccións e sancións en materia tributaria rexiranse polo disposto na Lei Xeral Tributaria, a súa normativa de desenvolvemento e na Ordenanza Xeral de Xestión, Inspección e Recadación aprobada polo Concello.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente redacción desta Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 30 de setembro de 2011, entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.